



## ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DE CONSULTA PÚBLICA

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de Regulamento Municipal dos Consellos Municipais Parroquiais, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulamentarias e non regulamentarias.

A veciñanza, as organizacións e as asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de quince días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

<b>Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa</b>	Evitar os problemas de interpretación das entidades que poden actuar nos Consellos Parroquiais.
<b>Necesidade e oportunidade da súa aprobación</b>	Adecuarse ás demandas dos veciños e das asociacións e entidades actúantes na parroquia





CONCELLO DE REDONDELA

<b>Obxectivos da norma</b>	Definir as funcións, as sesións e as potestades dos Consellos Parroquiais.  Fomentar a participación da veciñanza e das asociacións da parroquia nos temas e cuestións que lle afectan directamente
<b>Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias</b>	Resulta preciso modificar o regulamento para adecualo ás novas necesidades e demandas da veciñanza e das asociacións da parroquia

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



Cod. Validación: 3K74EE7F9JDTTZKMSZ5E9HRZS | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C